# TRATAMENTO EDUCATIVO ALUMNADO CON TDAH

IES Castro Alobre

Departamento de Orientación

CC BY SA

Resumo baseado no Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario

## 1.- Medidas a nivel de centro

# 2.- Medidas a nivel de aula

# 3.- Medidas a nivel individual

- Antes e durante a realización das tarefas
- Tarefas para a casa
- Instrumentos de avaliación
- Outras cuestións: Conduta



# 1.- MEDIDAS A NIVEL DE CENTRO

CONSENSUADAS

RECOÑECIDAS

PROXECTO EDUCATIVO

↓

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

↓

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

ACEPTADAS

PÚBLICAS

# ANTES DO INICIO DO CURSO

IDENTIFICACIÓN DO ALUMNADO

- Alumnado procedente de Educación Primaria
- Alumnado de novo acceso
- Alumnado xa escolarizado no centro

UBICACIÓN DO ALUMNADO

- Distribución en grupos atendendo a:
  - Características persoais.
  - Recomendacións profesorado
  - Espazos
  - Medidas de atención á diversidade dispoñibles

# INICIO

# DO CURSO

## COMUNICACIÓN AO PROFESORADO

- Información ao profesorado a través de reunión co Equipo docente.
- Entrega de documento-resumo de Recomendacións para atención ao alumnado establecidas no Protocolo TDAH

## AVALIACIÓN INICIAL

Conclusión sobre as necesidades educativas e determinación de **medidas de atención á diversidade ORDINARIAS/EXTRAORDINARIAS** que garantan a resposta educativa

## DURANTE

## O CURSO

SEGUIMENTO PROFESORADO

- Elaboración de informes por materia en cada avaliación
  - INFORME

SEGUIMENTO TITORÍA/DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Revisión de informes profesorado
- COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

AO FINALIZAR O CURSO

SEGUIMENTO

- Elaboración de informes por materia en cada avaliación
  - INFORME
- O informe xúntase ao informe de cualificacións

PROPOSTA DE POSIBLES MADS PARA O SEGUINTE CURSO

- PMAR
- AGRUPAMENTOS FLEXIBLES
- FPB



# 1.- MEDIDAS A NIVEL DE AULA

| | |
|---|---|
| **Tipo de aula.** | O alumnado con TDAH debe estar nunha **aula con bo clima de traballo** e, de ser posible, na **que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.** |
| **Localización da alumna ou do alumno na aula** | Alumnado que debe estar **sentado cerca da mesa do profesorado**<br><br>Ao lado de **compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo** de tranquilidade, de orde e de axuda.<br><br>Débese **evitar proximidade a portas, fiestras, papeleiras** e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais.<br><br>Cando se realicen **traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización** do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras e dos compañeiros.<br><br>En **actividades individuais, deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado** |
| **Mesa da alumna ou do alumno.** | Enriba da mesa só estarán os **materiais que necesite para realizar a tarefa**, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles |

**Normas de convivencia consensuadas na aula**

Negociaranse co alumnado **unhas cantas normas** de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Estas normas **debe escribilas o propio alumnado, han de estar visibles na aula**, e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. O profesorado **evitará os enfrontamentos verbais e retadores** cando se esixe o cumprimento das normas.

Aconséllase **firmeza, sen implicarse emocionalmente, e non culpar diante das compañeiras e dos compañeiros** (o alumnado con TDAH non actúa así porque quere, senón porque non pode evitar ese comportamento). Manter un **ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles** axudaralle ao alumnado a sentirse seguro e a saber o que ten que facer en cada momento.

# **NORMAS DE AULA** elaboradas polo alumnado, consensuadas e en positivo

Como a conduta é social, debemos t**raballar as relacións interpersoais** dentro da aula a través de

- **DINÁMICAS DE TRABALLO**
- **DINÁMICAS DE RELACIÓN.**

Manual: Técnicas

F**avorecer a cohesión de grupo e o sentimento de pertenza:** A través de dinámicas de cohesión grupal e  mediante traballos cooperativos  con unha finalidade común na que todas as persoas do grupo teñan responsabilidades e poidan traballar.

## Metololoxías

## que benefician a atención á diversidade

**DUA** (Deseño Universal de Aprendizaxe)

**ABP** ( Aprendizaxe baseado en Proxectos)

**Aprendizaxe Cooperativo**

# DUA.... Que é?

É un enfoque que prima a **flexibilización do currículo desde que se xesta, para que sexa aberto e accesible desde o principio.** Un currículo onde se eliminen ou reduzan ao máximo as barreiras para a aprendizaxe que existen nos contextos educativos; un currículo que non necesite ser adaptado a posteriori.

Debe asegurar que todos os alumnos e alumnas poidan seguir o currículo, facilitando **diferentes formas de representación, expresión, acción e motivación**. Por que? **Dado que non hai unha única maneira de aprender, non debería haber unha única forma de ensinar.**

**O DUA implica que poñamos a nosa mirada na capacidade e non na discapacidade**, que prioricemos unha visión humanista da educación, que fuxamos do modelo de déficit para centrarnos nun modelo competencial, **que vexamos como discapacitantes aos contextos e non ás persoas, porque todos temos capacidades**, pero dun modo diferente.

# 6 razones para utilizar el DUA
# Diseño Universal para el Aprendizaje

**1** Atender a la diversidad

**2** Facilitar un currículo flexible

**3** Educar a alumnos competentes

**4** Favorecer la accesibilidad

**5** Aplicar la neurociencia

**6** Reivindicar diferentes capacidades

crea

cc BY SA

JUNTA DE EXTREMADURA
Consejería de Educación y Empleo

# PRINCIPIOS

**1. Proporcionar múltiples medios de representación.** O QUE da aprendizaxe: actívanse as redes de recoñecemento. Seguindo este principio, debemos **presentar a información ao alumnado mediante soportes variados e en formatos distintos**, tendo en conta as diferentes vías de acceso e procesamento da información.

**2. Proporcionar múltiples formas de acción e expresión.** O COMO da aprendizaxe: actívanse as redes estratéxicas. Seguindo este principio, debemos ofrecer ao alumnado diferentes posibilidades para expresar o que saben, para organizarse e planificarse.

**3. Proporcionar múltiples formas de implicación.** O PORQUÉ da aprendizaxe: actívanse as redes afectivas. Trátase de utilizar diferentes estratexias para motivar ao alumnado, manter esa motivación e para facilitar a súa participación activa no proceso de ensino-aprendizaxe.




Antonio Márquez.Blogue: [Si es por el maestro nunca aprendo]

[Rueda DUA]

Carmen Alba Pastor,José Manuel Sánchez Serrano, Ainara Zubillaga del Río Diseño Universal para el Aprendizaje (DUA) Pautas para su introducción en el currículo  Recuperado de https://www.educadua.es › dua › dua_pautas_intro_cv decembro de 2019

Blogue de Antonio Márquez: Si es por el maestro nunca aprendo

Blogue Coral Elizondo: Mon petit coin déducation

Blogue José Blas García: Tranformar la escuela

# ABP

É unha forma de traballo na aula que **permite ofrecer un modelo de participación para todo o alumnado**, un modelo inclusivo, pero é preciso adaptalo para que a resposta educativa sexa para todo o alumando:

Para que un ABP se convirta en **inclusivo** debe **partir dunha avaliación inicial e análise previa dos alumnos** aos que vai dirixido.

- É necesaria unha planificación previa
- Nesta planificación é preciso o derribo de barreiras: cognitivas, sociais, sensoriais ou físicas.
- Realizar os reaxustes necesarios para atender a todo o alumnado




https://conecta13.com/canvas/




https://www.antonioamarquez.com/descubrir-las-barreras-la-inclusion-en/

## Favorecer a adquisición e mellora de habilidades para a vida (OMS)

1. Autocoñecemento
2. Empatía
3. Comunicación asertiva
4. Relacións interpersoais
5. Toma de decisións
6. Maneso de problemas e conflitos
7. Pensamento creativo
8. Pensamiento crítico
9. Manexo de emocións e sentimentos
10. Manexo de tensións e estres

Materiais de apoio para a aula e titorías:

Esther Ruíz Palomo: Proyecto HHSS
AVANCEMOS: Enseñanza de Habilidades sociales
CEDRO: Cuaderno de trabajo de habilidades para la vida

# 3.- MEDIDAS A NIVEL INDIVIDUAL

Adaptar o currículo ás capacidades, ao estilo de aprendizaxe e ás necesidades do alumnado é sempre a primeira e a mellor resposta para solucionar os problemas de aprendizaxe e de conduta.

1.- Antes e durante a realización das tarefas
2.- Tarefas para a casa
3.- Instrumentos de avaliación
4.- Outras cuestións: Conduta

# 1.- ANTES E DURANTE A REALIZACIÓN DAS TAREFAS

- Alternar **actividades teóricas con traballo práctico**.
- **Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo,** e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- **Utilizar estratexias para captar a atención inicial** como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- **Segmentar as actividades longas e limitar o número destas** (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).

- **Supervisar frecuentemente a realización**, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Utilizar **reforzos e apoios visuais** na instrución oral.
- **Combinar actividades** máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- **Variar os exercicios,** para que non se aburra.
- Conseguir a **colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira "responsable",** para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.
- **Utilizar reforzos positivos para motivar** (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas, etc.).

Estratexias expositivas

A **memoria de traballo** do alumnado con TDAH pode presentar algunhas dificultades: capacidade limitada, pola cantidade de información que pode reter simultaneamente, e escasa duración temporal na que se pode manter. Para compensar esta carencia, á hora de explicar, o profesorado debe ter en conta as seguintes estratexias:

- Antes de empezar, ha de **asegurarse de que atende.**
- **Utilizar frases curtas e claras.**
- Manter o **contacto visual e permanecer cerca.**
- **Focalizar a atención nos conceptos "clave".**
- **Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.**
- **Presentar a idea principal explicitamente** ao principio da explicación.
- Utilizar **estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos**.
- Implicala ou implicalo, **promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.**

- Proporcionarlle un **sistema de titoría dun compañeiro ou dunha compañeira** que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación, e **promover que o alumnado con TDAH explique os conceptos a estudantes con máis dificultades ca el**.

- Por outra parte, o profesorado debe **asegurarase de que o alumnado o mira aos ollos**, que entende o exposto e, de ser o caso, que copiou o sinalado. Con esta finalidade **formularánselle algunhas preguntas**, para que as poida responder correctamente

A **titoría entre iguais favorece a aprendizaxe**, polo tanto.......

- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, onde aprende xunto alumnado diferente.

- Promover a aprendizaxe en grupos interactivos.

- Promover a realización de debates.

- Procurar que as compañeiras e os compañeiros do alumnado con TDAH lle poidan axudar a realizar as tarefas, que o ignoren cando quere chamar a atención con condutas inadecuadas e que lle presten axuda cando atende e se centra nas tarefas.

## A atención pode mellorarse:

- **Se se negocian co alumnado períodos curtos de atención** cando realiza tarefas, de cara a ir aumentando a súa duración de forma progresiva.

- **Se se reforza o esforzo polo aumento de tempo de atención.**

- **Se se inclúen actividades onde poida ter éxito**, segmentando en fases as máis difíciles e negociando un tempo para rematar cada unha.

## Estratexias para mellorar a reflexividade (I)

Para incrementar os procesos de reflexión pódese:

- Ensinar t**écnicas útiles para a mellora no funcionamento cognitivo e no control** da atención.
- Proporcionar estratexias de memorización.
- Ensinar estratexias diferentes para un mesmo problema, co fin de aprender a xeneralizar.
- Fomentar o traballo en grupo, xa que a cooperación mellora as estratexias analíticas e a conduta.

## Estratexias para mellorar a reflexividade (I)

- Non presentar actividades con límite rigoroso de tempo, o que favorece a impulsividade e a tendencia a "saír do paso".
  - Proporcionar axuda para o repaso e a autoavaliación.
  - **Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia**. A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

# 2.- TAREFAS PARA A CASA

- **Reducir e fragmentar** as actividades.
- **Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu** o que ten que facer
- **Utilizar  reforzos e apoios visuais** na instrución oral.
- **Non sobrecargar de tarefas para a casa,** e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

**IMPORTANTE:**

**Se a familia lle axuda……moitísimo tempo de adicación**

**Se a familia non lle axuda…….Inxustiza social**

# 3.- TIPOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

Utilizar diferentes tipos de avaliación:

- Autoavaliación
- Coavaliación
- Heteroavaliación

Utilizar diferentes técnicas e instumentos

- Observación
- Probas orais e escritas
- Autoinformes
- Portfolios

| Técnicas | Instrumentos | Tipo |
|---|---|---|
| Observación | Registros Anecdóticos | |
| | Listas de cotejo | |
| | Escalas | |
| Comprobación | Pruebas | Orales |
| | | Escritas |
| | | De actuación |
| Autoinforme | Cuestionarios | Abiertos |
| | | Cerrados |
| | Informes | Abiertos |
| | | Guiados |
| | Entrevistas | Abiertas |
| | | Guiadas |
| | Intravistas | |
| Otros | Análisis de contenido | |
| | Portafolios | |

## INSTRUCIÓNS PARA AS PROBAS (I)

- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.

## INSTRUCIÓNS PARA AS PROBAS (II)

- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- **Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis i**mportantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución
- Posibilitar que o alumnado que o desexen poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos

# Exemplos exames adaptados:

LINGUA CASTELÁ ESO

MATEMÁTICAS APLICADAS 3º ESO EXAME UD 1

MATEMÁTICAS APLICADAS 3º ESO EXAME UD 1 TDAH

## Estratexias para mellorar a motivación e a autoestima

- Fomentar unha **relación positiva entre o alumnado e o profesorado.**
- **Coñecer o seu estilo de aprendizaxe, as súas capacidades, as súas preferencias e motivacións.**
- Ofrecerlle ao alumno **experiencias de éxito,** e reforzarase calquera pequeno logro na aprendizaxe e/ou na conduta.
- Ofrecerlle **confianza e expectativas positivas**, facéndolle correccións respecto á súa tarefa e achegando propostas de mellora.
- **Axudarlle a coñecer e a manexar as súas emocións** (baixa tolerancia á frustración, dificultades para atrasar a gratificación).
- **Evitar avaliar sempre negativamente e proxectar expectativas de éxito.**

## USO DA AXENDA

A axenda é un instrumento moi útil, imprescindible para o alumnado con TDAH, tanto para servir de canle de comunicación coa familia, coma para lle axudar ao alumnado a levar ao día as súas tarefas. De aí que a axenda debe:

- Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala.

- Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar.

- Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación suficiente, as datas dos exames, os contidos que teñen que preparar, as datas para entrega de traballos, os libros de lectura, etc.

- **Usarse para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento.**

## Estratexias para controlar e mellorar a conduta.

Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados.Hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Evitar a acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.
- Realizar entrevistas periódicas individuais co alumnado sobre o seguimento e motivación da conduta e sobre o seu traballo.
- Facer contratos de conduta adaptados á idade do alumnado.

## Técnicas de modificación de conduta

Utilízanse para favorecer o cambio de comportamento a través dunha serie de estratexias. Con elas preténdese reducir ou eliminar as condutas problemáticas e fortalecer as condutas adecuadas. As máis eficaces no tratamento do TDAH son:

- Técnicas para incrementar a conduta desexada, como o reforzo positivo e a economía de fichas.
- Técnicas para reducir as condutas non desexadas, como retirar a atención diante dunha conduta inadecuada, reforzar condutas alternativas, privalo de obter reforzamento etc.
- Outras técnicas para a mellora cognitiva. A mellora nos procesos cognitivos favorécese coa exercitación en: • Autoinstrucións.
- Solución de problemas.
- Autoobservación.
- Atribución adecuada dos éxitos e dos fracasos.
- Habilidades sociais.
- Estratexias de intervención nas dificultades específicas da aprendizaxe. Hai que atender o posible atraso escolar que pode asociarse ao TDAH, polo que debe prestarse especial atención ao tratamento da lectura, da comprensión escrita, da expresión escrita, da numeración, do cálculo e da resolución de problemas matemáticos.

- Toda conduta **ten tres compoñentes**:

  - **Pensamentos**
  - **Emocións**
  - **Actitudes e comportamentos**

Se so nos fixamos no último o único que imos facer é tentar CONTROLAR as condutas negativas e, **en ningún caso, conseguiremos modificalas.**

- Para mellorar/modificar temos que traballar os **pensamentos e as emocións.**